

COMO UTILIZAMOS O PUNTO LIMPO?

- ▶ Só se admiten residuos xerados por particulares do Concello de Ferrol.
- ▶ Non se admiten residuos de orixe industrial.
- ▶ Á entrada do recinto, o encargado das instalacións toma nota dos residuos e informa sobre como depositalos.
- ▶ Se o usuario vai depositar máis dun residuo deberao facer por separado depositando cada un no seu colector correspondente. Así mesmo, cando un obxecto estea formado por máis dun material, este debe ser desmontado na medida do posible co fin de incorporar cada fracción do residuo no seu colector correspondente.
- ▶ O recinto conta con sinalización, constituída por paneis informativos que identifican os colectores e os residuos que hai que depositar neles.

QUE SE FAI COS RESIDUOS?

- ▶ Os residuos recollidos no punto limpo serán remitidos por xestores e transportistas autorizados a diferentes instalacións de tratamento, reciclado, incineración ou vertido controlado.
- ▶ O seu aproveitamento é moi diverso: cos aceites de cociña pódese facer xabóns, velas, pinturas, pensos, lubricantes e biodiesel para vehículos; das pilas de botón aprovéitase o mercurio, mentres que das normais pódese recuperar o sulfato de zinc e as sales de manganeso; das lámpadas fluorescentes aprovéitase o vidro e o mercurio, etc.

ONDE ESTÁ?



QUE HORARIO TEN?

DE LUNS A VENRES MAÑÁS: de 10.00h a 14.00h
TARDES: de 17.00h a 19.30h

SÁBADOS MAÑÁS: de 10.00h a 13.00h
TARDES: pechado

DOMINGOS E FESTIVOS pechado

RECORDA QUE...

- ▶ Cos puntos limpos evitamos o vertido incontrolado dos residuos voluminosos que non poden ser recollidos de maneira convencional (entullos, mobles, electrodomésticos, etc.).
- ▶ Cos puntos limpos reducimos a presenza de residuos perigosos no lixo ou na rede de saneamento.
- ▶ Cos puntos limpos incentívase a reciclaxe e a posterior reutilización dos residuos, conseguindo así un aforro enerxético e de materias primas.
- ▶ Cos puntos limpos axudamos a conservar o medio ambiente.



Agora Ferrol
máis limpo
máis ecolóxico

QUE É O PUNTO LIMPO?

O punto limpo é unha instalación especial onde a cidadanía pode depositar de forma gratuíta aqueles residuos que polo seu gran volume ou pola súa perigosidade deben recibir un tratamento especial distinto do vertido.

No interior das instalacións existe un colector para cada tipo de residuo, de forma que a cidadanía ten claramente identificado onde debe depositar estes residuos.

QUE RESIDUOS PODEMOS LEVAR?

Residuos admitidos e cantidades máximas de entrega por usuario e mes

| Residuo | Máximo |
|-------------------------------------|----------------|
| ACEITES MINERAIS..... | 40 litros |
| ACEITES VEXETAIS..... | 40 litros |
| AEROSOIS..... | 15 unidades |
| BATERÍAS..... | 5 unidades |
| ENTULLOS..... | 100 kilos |
| ELECTRODOMÉSTICOS E EQUIPOS..... | 3 unidades |
| FRIGORÍFICOS..... | 1 unidade |
| FLUORESCENTES..... | 15 unidades |
| XARDINERÍA..... | 1000 litros |
| MADEIRAS..... | 100 kg ou 4 ud |
| METAIS..... | 100 kg ou 6 ud |
| ORDENADORES..... | 1 ud |
| PAPEL-CARTÓN..... | 25 kg |
| P.V.C. | 7 kg |
| PILAS..... | 3 kg |
| PINTURA..... | 10 kg |
| PLÁSTICOS..... | 25 kg |
| RADIOGRAFÍAS..... | 20 ud |
| VIDRO PLANO..... | 15 ud |
| BATERÍAS E ACUMULADORES..... | 2 ud |
| ABSORBENTES CONTAMINADOS..... | 0,5 kg |
| PRODUCTOS QUÍMICOS OBSOLETOS..... | 0,5 litros |
| ENVASES VACÍOS CONTAMINADOS..... | 2 ud |
| TÓNER DE IMPRESORAS USADOS..... | 5 ud |
| DISOLVENTES E LÍQUIDOS DE LIMPEZA.. | 0,5 litros |
| RESIDUOS VOLUMINOSOS..... | 3 ud |

PLANO DO PUNTO LIMPO

